



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MUGARDOS

*Anuncio da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola infantil Municipal "As Lagoas"*

#### ANUNCIO

Aprobado inicialmente inicialmente a modificación parcial da Ordenanza Fiscal núm. 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola infantil municipal "As Lagoas", en sesión ordinaria realizada o 26 de outubro de 2022, e sometido a información pública, sen que se teña presentado alegación ningunha, pola presente procédese a dar publicidade ao indicado acordo elevado automaticamente á categoría de definitivo así como ao texto íntegro da Ordenanza Fiscal núm. 13 modificada en cumprimento do sinalado no artigo 17.4º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor a partir do día seguinte ao da publicación efectiva no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, sección Transparencia, apartado Normativa en vigor (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency>).

As súas disposicións rexerán por tempo indefinido en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación sen que quepa respecto do seu contido outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpoñer a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo marcado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa (artigo 19.1º Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Asinado dixitalmente polo alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba o día 24 de xaneiro de 2023.

#### ORDENANZA FISCAL NÚM. 13, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "AS LAGOAS"

##### ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E RÉXIME.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade disposto nos artigos 15 e 19, en relación co artigo 20 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e conforme ó Decreto 49/2012, que derroga o Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, publicada no DOG do 25 de xaneiro de 2012, con entrada en vigor ao día seguinte a súa publicación, e Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, o Concello de Mugardos establece a taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

##### ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de escola infantil municipal, consistente en asistencia, comedor e outros servizos complementarios.

##### ARTIGO 3.-SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que os/as usuarios/as do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais/nais, titores ou calquera outro representante legal a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**ARTIGO 4.-RESPONSABLES.**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ouxurídicas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

**ARTIGO 5.-PREZOS, TARIFAS, DESCONTOS E EXENCIÓNS.**

1. Os prezos que deberán pagar as persoas usuarias serán os establecidos nesta Ordenanza e consonte a normativa de aplicación.

2. O prezo base mensual pola atención educativa (8 horas/día) establécese en: 169,26 €/mes.

3. Sobre os prezos dos servizos complementarios e voluntarios:

3.1 Servizode comedor, o prezofíxase en 74,05 € mensuais. No caso de crianzas que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente por motivos xustificadosdesexen utilizar o servizo algún día solto, o prezo será de 4,25 € por día, e serán aboadosxunto coa cota do mes seguinte.

3.2. Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 21,16 €.

3.3. Servizo de almozoomerenda: o prezofíxase en 16,92 €.

No caso de crianzas que non utilicen habitualmente o servizo de merenda/almorzo e que excepcionalmente por motivos xustificadosdesexen utilizar o servizo algún día solto, o prezo será de 1,05 €.

4. Exencións e Bonificaciónsfiscais(non acumulables entre si):

a) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, descontodun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, descontodun 20 por cento.

c) Cando asistan aomesmo centro varios irmáns/ás, o segundo e sucesivos terándesconto do 20 por cento.

d) Bonificación do 100% de cota de atención educativa de 8 horas para todo o alumnado matriculado a partir do curso 2022/2023.

Cando o neno/a atendido/a ingrese no centro con posterioridadeó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

O horario ampliado e os menús de xantar, almorzos e merendasallados non serán obxecto de descontoinbonificacións.

5. Revisión da tarifa.

Ao longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, cando concorran e se xustifiquenvariacións socioeconómicas naunidade familiar referidas aosseguintes casos:

a) Modificación das variables que determinan os descontosrecollidos no decreto regulador de prezosdestes centros.

b) Variacións nos seus ingresos, sempre que estesufrisen durante máis de catro meses consecutivos e mantivesenna data de revisión da tarifa unha diminución ou incremento do 20%, fronteaos ingresos declarados nasolicitudede praza (mediante a declaración do IRPF).

Os solicitantes de reserva de praza que o día anterior a apertura da reserva de praza, teñan concedida unha revisión de tarifa, e sempre que resulte acreditado que a situación económica da que se deriva persiste, será ésta a que se teña en conta a efectos de establecemento de tarifa e baremación.

**Neste sentido, o/a beneficiario/a queda obrigado/a a comunicar calquera variación que se produzaao respecto. A modificación da tarifa, se é o caso, será resolta polo/a Alcalde e aplicarse a partir da data da súa revisión.**

**ARTIGO 6.- ESTIMACIÓN DE RENDAS, BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.**

6.1. Esta estimación adáptaseó publicado polaConsellería de Traballo e Benestar a través do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolasinfantís 0-3 dependentesdestaconsellería (DOG número 17, do 25 de xaneiro de 2012), que rexeránmentres que non existan modificacións posteriores e que serán os seguintes:

– IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) do ano correspondente, fixado coa publicación da cantidade no BOE.

– Prezo base/mes por atención educativa (8 horas/día): 169,26 €/mes.

– O Decreto 49/2012 sinalaunicamente os prezos por asistencia en horario completo; as ratios por horario reducido obtéñense con aplicación porcentuais.

6.2. A estimación da renda virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponiblexeral coa base imponible do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Entendese por unidade familiar, para os efectos deste decreto, a formada polo/as pais/nais e fillos/as menores de dezoito anos ou fillos/as de dezoito anos, cunha minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaransenun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar os datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

6.3. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:

**Contribucións mensuais:**

<b>ATENCIÓN EDUCATIVA</b>		
<b>TRAMOS POR RENDA PERCAPITA MENSUAL (%IPREM RPC Mensual)</b>	<b>COTA TRIBUTARIA BONIFICADA</b>	<b>COTA TRIBUTARIA BONIFICADA DO 100% segundo o artigo 5.4 d) da presente Ordenanza Fiscal</b>
Inferior ao 30%	0	0
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	0	0
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	34,91	0
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	69,81	0
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	112,13	0
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	133,29	0
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	147,05	0
Superiores ao 200 % do IPREM	169,26	0

<b>XANTAR</b>		
<b>TRAMOS POR RENDA PERCAPITA MENSUAL (%IPREM RPC Mensual)</b>	<b>% BONIFICACIÓN APLICADO</b>	<b>COTA TRIBUTARIA BONIFICADA</b>
Inferior ao 30%	100	0
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	76,43	17,45
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	76,43	17,45
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	64,28	26,45
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	50,01	37,02
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	28,58	52,89
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	14,29	63,47
Superiores ao 200 % do IPREM	0	74,05

<b>ALMORZO/MERENDA</b>		
<b>TRAMOS POR RENDA PERCAPITA MENSUAL (%IPREM RPC Mensual)</b>	<b>% BONIFICACIÓN APLICADO</b>	<b>COTA TRIBUTARIA BONIFICADA</b>
Inferior ao 30%	100	0
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	76,43	3,99
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	76,43	3,99
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	64,28	6,04
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	50,01	8,46
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	28,58	12,09
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	14,29	14,50
Superiores ao 200 % do IPREM	0	16,92

**ARTIGO 7.-RETRIBUCIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO.**

1. A taxaretribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, rateado por meses.

2. A inasistencia á escola infantil durante un determinado período non supón redución nin exención ningunha do pagamento da cota, agás en casos establecidos na normativa de prezos.

**ARTIGO 8.-LIQUIDACIÓN, RECADACIÓN E XESTIÓN.**

8.1. A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servizo.

En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domiciliar os recibos.

8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes en que o centro permaneza pechado. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a ese período.

8.3. A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente. A baixa no servizo será efectiva logo de 15 días de inasistencia inustificada ao centro.

Cando por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de ausencia do centro.

A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a incorporación do neno ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a Alcaldía, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes á data de notificación da resolución denegatoria.

**ARTIGO 9.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En materia de infraccións e sancións estarase disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza, que consta de 9 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.

2023/414